



# A titoría na comunidade autónoma de Castela e León

REVISTA GALEGA  
DE EDUCACIÓN  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 28-29

## Mónica Casado González

Departamento de Pedagogía. Área MIDE

Universidad de Valladolid

monicacg@pdg.uva.es

## INTRODUCCIÓN

A Acción Titorial está ligada á función docente dende hai moito tempo. Non é, por tanto, unha novidade do actual sistema educativo. Non o foi tan sequera na Lei Xeral de Educación de 1970, normativa que, no seu día, introduciu por vez primeira o concepto de Acción Titorial, establecéndose as titorías para que o titor puidese atender de xeito individualizado os alumnos e axudarlles no seu desenvolvemento académico e persoal.

Dende esta data, tiveron lugar reformas importantes na organización e estrutura da educación,

véndose tamén modificada a temática que nos compete neste monográfico, a Titoría Educativa. O resultado de toda esta evolución política, administrativa e social é a educación actual, dándose nesta resposta ao desenvolvemento integral do alumnado na totalidade dos seus aspectos. Para isto, a administración pasa a asumir unha función relevante no tema da titoría.

Neste artigo centramonos na Acción Titorial na Comunidade de Castela e León e, como elemento diferenciado do resto de autonomías, baseámonos na contribución da Consejería

de Educación, executada a través de varios instrumentos que se promoven, tras a análise e a avaliación da realidade social, para o seu emprego e desenvolvemento nos centros educativos na posta en marcha do Plan de Acción Titorial.

### CONTRIBUCIÓN DA CONSEJERÍA DE EDUCACIÓN DE CASTELA E LEÓN Á TITORÍA EDUCATIVA

A Administración autonómica contribúe ao desenvolvemento da Acción Titorial dende ámbitos diferentes, o lexislativo, o educativo e, por último, o formativo. A continuación, desenvólvese cada un destes.

#### Ámbito lexislativo

Entre a normativa educativa específica autonómica, atopámonos, por unha banda, coa Resolución de 29 de xuño de 2017, na que se publican as Instrucións de inicio de curso. No seu contido cada ano unifícanse as actuacións dos centros docentes de Castela e León. No que atinxe á Acción Titorial, preséntase unha ampla proposta de programas (ver táboa 1), debendo os centros elixir polo menos catro deles nos que participar.

Por outra banda, a Orde EDU/1075/2016 de 19 de decembro ten como finalidade regular os proxectos de autonomía nas institucións educativas. Como consecuencia desta normativa, os centros poden programar unha oferta educativa específica.

Os proxectos de autonomía están baseados na equidade e na toma de decisións singulares, en relación coas competencias de autonomía pedagóxica, curricular e de organización educativa. É nesta liberdade dos centros na que a Titoría se ve favorecida, tratándose dunha porta aberta para a planificación específica desta función docente.

#### Ámbito educativo

Dende os Servizos Xerais da Consejería de Educación de Castela e León, a través das súas Direccións Provinciais, desenvólvense as Áreas de Programas Educativos (APE), tratándose dun servizo educativo da Dirección Provincial de Educación que desenvolve os programas educativos establecidos pola propia Consejería. Impulsa, promove e coordina o desenvolvemento dos mesmos cunha liña unificada de traballo non curricular nos centros desta Autonomía dando resposta ás ne-

cesidades sociais detectadas neste territorio autonómico.

#### Ámbito formativo

Para rematar o impulso ao bo desenvolvemento da titoría, a Administración, dende os Centros de Formación e Innovación Educativa, tras a detección das necesidades do persoal docente, planifica a realización de actividades formativas que revertan nunha mellora da calidade educativa. Ademais, poñen a disposición do persoal docente recursos para innovar e actualizar as súas accións dentro da aula á hora de traballar aspectos non curriculares.

Na actualidade, completando esta actuación administrativa, moitas organizacións, a través dos seus programas educativos facilitan materiais, recursos e actividades aos Centros como apoio para o desenvolvemento desta función docente que nos ocupa no presente monográfico, a Titoría. Somos todos conscientes da importancia de educar en e para a vida, e por iso se necesita que todos esteamos preparados. ■

Táboa 1. Proposta de Programas para o curso 2017-2018

1	Certame de lectura en Público
2	Concurso ONCE
3	Entre iguais
4	Campaña ¡A salvo!
5	Construíndo saúde/Discover
6	Programa de prevención do cancro
7	Programa de froita escolar
8	Concurso Hispanoamericano de Ortografía
9	Premio Valores Democráticos
10	Proxectos de investigación e innovación
11	Liga Debate
12	Programas de emprendemento e educación financeira
13	Programa de Mellora da Calidade

#### REFERENCIAS

- Educacyl. Portal de educación de la Junta de Castilla y León. Recuperado de: <http://www.educa.jcyl.es/es/programas>
- Orden EDU/ 1075/2016 de 19 de diciembre por la que se regulan los proyectos de autonomía en centros docentes sostenidos con fondos públicos de la Comunidad de Castilla y León que imparten educación primaria, secundaria obligatoria y bachillerato. BOCYL nº 245 de 22 de diciembre de 2016.
- Resolución de 29 de junio de 2017 de la Dirección General de Política Educativa Escolar, por la que se dispone la publicación de la Instrucción de 28 de junio de 2017 de esta Dirección General, por la que se unifican las actuaciones de los centros docentes que imparten enseñanzas no universitarias en Castilla y León correspondientes al inicio del curso escolar 2017/2018. BOCYL nº 129 de 7 julio de 2017.